

xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006:

-11.03.613-A.770.0 «programas sanitarios especiais» destínase inicialmente un importe de 1.155.000 euros.

-11.03.613-A.470.0 «compensacións por encefalopatías esponxiformes» destínase inicialmente un importe de 925.000 euros.

Os importes citados serán incrementados na medida necesaria para que poidan ser atendidas todas as solicitudes recibidas.

Artigo 6º.-Tramitación.

1. O procedemento iníciarase unha vez recibidos os xustificantes de sacrificio das reses ou destrución de produtos.

2. Os beneficiarios terán a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Artigo 7º.-Resolución e notificación.

Unha vez comprobados os requisitos exixidos nos artigos anteriores polas delegacións provinciais da Consellería do Medio Rural e pola Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria:

1. Será emitida resolución do conselleiro do Medio Rural de aprobación ou denegación da indemnización, na cal se especificarán os recursos que procedan. Contra esta resolución poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes contado desde ao día seguinte ao da súa notificación.

2. A resolución notificarase na forma prevista no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. No caso de que, transcorridos tres meses desde a presentación do xustificante do sacrificio ou destrución dos animais ou produtos afectados, non se rexistrase resolución expresa, poderá entenderse desestimada a indemnización. Transcorrido o dito prazo, o interesado disporá de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda desestimada a indemnización para interpor recurso potestativo de reposición ante o conselleiro do Medio Rural.

Cabe interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se é expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de acordo co previsto na Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 8º.-Compatibilidade.

As axudas reguladas por esta orde serán compatíbeis con calquera outra que se poida obter de distintas administracións para esta finalidade.

Artigo 9º.-Reintegro.

O incumprimento polo beneficiario de calquera das condicións establecidas nesta orde dará lugar á perda do dereito da axuda e á devolución, se é o caso, das cantidades indebidamente percibidas, sen prexuízo doutras responsabilidades a que houber lugar (artigos 78 e 79 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia)

Disposición adicional

Nos aspectos non contidos nesta orde haberá que aterse ao disposto no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro), e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primera.-Facúltase o director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2006.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

Resolución do 24 de abril de 2006 pola que se convoca e regula a concesión de axudas ás corporacións locais para a realización de actividades relacionadas coas oficinas de información aos consumidores para o ano 2006.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 30, punto 1, parágrafo cuarto, outorga á comunidade galega competencias exclusivas en materia de consumo.

O artigo 24 do Estatuto galego do consumidor e usuario recolle as obrigas da Administración da comunidade autónoma de promoveren e fomentaren as oficinas e servizos de información ao consumidor, ben sexan de titularidade pública ou dependan dunha organización de consumidores e usuarios.

O artigo 4 do Decreto 185/1994, do 16 de xuño, sobre utilización do idioma galego nos produtos e información ao consumidor e usuario en Galicia, prevé que tanto os concellos como as organizacións de consumidores poderán acollerse, dentro das condicións que regulamentariamente se determinen, ás axudas e subvencións que con tal carácter se con-

voquen para a creación e mantemento das oficinas e servizos de información ao consumidor e usuario.

Por iso, para dar cumprimento ao referido anteriormente, considérase estritamente necesario destinar axudas ás oficinas municipais de información aos consumidores e usuarios para financiar os gastos derivados das actividades de funcionamento e realización de proxectos.

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto da presente convocatoria e a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva ás oficinas municipais de información ao consumidor (OMIC) da Comunidade Autónoma de Galicia que durante o ano 2006 presten servizos de información e asesoramento técnico aos consumidores e desenvolvan actividades de mellora do mercado en relación aos intereses dos consumidores e usuarios.

A xestión das axudas farase de acordo ao artigo 8.3º da Lei 38/2003, do 11 de novembro, xeral de subvencións, con base nos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán acollerse a estas axudas todos os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que teñan unha poboación de feito superior aos 5.000 habitantes.

Artigo 3º.-Requisitos dos beneficiarios.

Para que os concellos poidan beneficiarse das axudas ás oficinas municipais de información ao consumidor deberán cumprir, ademais das obrigas derivadas do Decreto 185/1994, do 16 de xuño, as seguintes condicións:

1. Dispor de oficina de atención ao consumidor aberta ao público 5 horas diarias como mínimo de luns a venres en horario de oficina e convenientemente sinalizada e localizada. En caso de non dispor da dita oficina no momento de presentar a solicitude, deberán comprometerse a abrir esta desde o momento da concesión da subvención.

2. Facilitarlle ao público información e asesoramento sobre os seus dereitos como consumidores/as e a forma de exercelos.

3. Atender as consultas, reclamacións e denuncias dos consumidores e usuarios, colaborando para tal fin co Instituto Galego de Consumo.

4. Dispor polo menos, dunha persoa contratada con cualificación abonda na materia de consumo para prestar o servizo de atención ao consumidor. Este requisito non será exixible no momento da presentación da solicitude de axuda, pero deberá acreditarse no prazo de 30 días desde a notificación da concesión da axuda.

5. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 4º.-Investimento subvencionable.

O investimento subvencionable destas axudas é o seguinte:

1. Financiar o funcionamento das oficinas de información ao consumidor:

Dentro deste concepto atenderase:

a) Alugamento, sempre e cando a OMIC estea situada fóra das dependencias municipais, e que respectará sempre os criterios de accesibilidade.

b) Gastos do persoal contratado con cualificación abonda na materia de consumo para prestar o servizo de atención ao consumidor.

2. Financiar os proxectos de mellora do mercado en relación cos intereses dos consumidores e usuarios que realicen oficinas de información ao consumidor dos concellos.

Os proxectos obxecto de subvención serán os seguintes:

a) Proxectos que contribúan a incrementar o número de adhesións ao Sistema Arbitral de Consumo e, en especial, en sectores de gran relevancia social, como é o caso dos servizos básicos, e os servizos de reparación e asistencia técnica.

b) Proxectos de interese social dirixidos a colectivos específicos de consumidores que polas súas especiais características requiran unha atención diferenciada como é o caso das persoas maiores, discapacitados, persoas en risco de exclusión, inmigrantes e persoas con carencias en materia económica e/ou educativa.

c) Proxectos relacionados coa poboación moza.

d) Proxectos de educación permanente de adultos, a formación das ANPAS, a elaboración dos materiais didácticos, favorecendo a creación de aulas permanentes de adultos no ámbito do consumo.

e) A realización de estudos de campo sobre produtos ou servizos en relación aos consumidores, en especial os relacionados coa vivenda, o exceso de endebedamento, liberalización de servizos, enerxía, transporte, tecnoloxías da información e comunicación, publicidade e servizos financeiros.

f) Realización de campañas informativas sobre os dereitos dos consumidores e usuarios a través de distintos soportes como folletos, guías, boletíns, páxinas web, libros ou material multimedia.

Non poderán ser subvencionadas actividades puntuais como charlas, coloquios, xornadas e conferencias que non formen parte dun proxecto.

No desenvolvemento das actividades os gastos relativos á restauración e catering non poderán superar o 20 % do total da actividade.

O pagamento aos relatores das accións formativas farase por medio de factura con desconto do IRPF correspondente e non superando en ningún caso a cantidade de 110 €/hora. En ningún caso se financiará a entrega dun agasallo como pagamento.

Financiarase un máximo de 2 proxectos por concello, aos que se adscribirán as distintas actividades que se programen.

Artigo 5º.-Contía máxima das axudas.

Para as axudas descritas no punto 1 do artigo 4º da presente resolución, o Instituto Galego de Consumo concederá axudas aos concellos de Galicia por un importe máximo de douscentos trinta e oito mil euros (238.000), con cargo á aplicación orzamentaria 10.80.513B.460.0 na que existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos do Instituto Galego de Consumo do ano 2006.

Para as axudas descritas no punto 2 do artigo 4º desta resolución, a contía será de cento vinte mil euros (120.000), con cargo á aplicación orzamentaria nº 10.80.513B.760.0 dos orzamentos do Instituto Galego de Consumo para o ano 2006, no que existe crédito axeitado e suficiente.

As axudas que se outorguen no punto 1 do artigo 4º poderán acadar ata o 100% dos gastos obxecto de financiamento, mentres que as descritas no punto 2 deste non superarán en ningún caso o 70% do custo total dos gastos obxecto de financiamento.

Artigo 6º.-Solicitude e documentación.

1. O prazo para a presentación das solicitudes, segundo modelo (anexo I), será de 1 mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As solicitudes para as axudas económicas previstas na presente resolución dirixiranse aos servizos provinciais ou centrais do Instituto Galego de Consumo, sendo en todo caso de aplicación o disposto no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa actual redacción; inclúense os rexistros dos concellos que teñan subscrito convenio de colaboración para a implantación dun sistema intercomunicado de rexistro coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Non será necesaria a presentación de todos aqueles documentos que consten en poder da Xunta de Galicia, debendo indicar o solicitante, co obxecto da súa rápida localización, a unidade administrativa en que se atopan.

4. As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

a) Certificación do acordo do órgano competente pola que se acolle á axuda, coa expresión da cantidade exacta solicitada onde figuren os gastos susceptibles de financiamento debidamente desagregados (anexo II).

b) Certificación da poboación de feito do concello, segundo o último censo dispoñible.

c) Certificación do secretario/a do concello na que se faga constar o horario no que a oficina permanece aberta ao público para atender aos consumidores, a súa localización e os metros cadrados de espazo físico dedicado a esta.

d) Relación do número de consultas, reclamacións e denuncias atendidas pola OMIC no ano 2006, así como a descrición destas (anexo III).

e) Certificado do secretario/a do concello do conxunto de todas as solicitudes de axudas reali-

zadas ou concedidas, obxecto desta convocatoria, por outras administracións públicas ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais.

f) Certificado do órgano competente que acredite o persoal dedicado á atención da OMIC con expresión concreta sobre o vínculo contractual co concello, tipo de persoal, dedicación exclusiva ou non, duración do contrato e número de horas dedicadas diariamente á oficina.

g) De ser o caso, titulacións, cursos, seminarios e calquera outro documento xustificativo que acredite a formación específica en materia de consumo do persoal que presta servizos na OMIC.

h) Certificación do órgano competente no que se faga constar o orzamento total do concello e o dedicado á OMIC durante o ano anterior.

i) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas nos puntos 2º e 3º do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (anexo IV).

j) Certificación do secretario/a, co visto e prace do alcalde, acreditando a existencia de partida específica para realizar os proxectos nos orzamentos do concello de acordo co establecido no punto 2 do artigo 4º da presente resolución.

k) Para a realización dos proxectos de mellora do mercado sinalados no punto 2 do artigo 4º, achegarase ademais unha memoria descritiva do proxecto que se vai realizar, na que se faga constar como mínimo:

-Denominación do proxecto.

-Obxectivos que se perseguen.

-Destinatarios aos que van dirixidas as distintas actividades indicando o número previsto.

-Ámbito territorial e calendario de realización das actividades.

-Entidades colaboradoras, de ser o caso.

-Descrición polo miúdo das actividades que se van realizar.

-Contidos que se van impartir e metodoloxía prevista, se é o caso.

-Relación dos medios materiais e medios humanos destinados ás distintas fases do proxecto, coa descrición da formación específica en materia de consumo do persoal que vai realizar as actividades de formación.

-Descrición, de ser o caso, de soportes e recursos que se van utilizar para a realización de materiais informativos/formativos.

-Establecemento de indicadores de avaliación para as distintas actividades que permitan coñecer o cumprimento dos obxectivos previstos, e descrición dos instrumentos de avaliación que se van utilizar.

-Orzamento previsto analizando cada un dos conceptos, indicando o custo medio por beneficiario e hora de formación.

Artigo 7º.-Criterios de outorgamento das axudas.

Para a concesión das axudas establecidas no punto 1 do artigo 4º, os criterios de outorgamentos estarán en relación a:

1. Número de persoal funcionario ou contratado con cualificación específica en materia de consumo

en relación á poboación de referencia que realice as súas funcións na OMIC. De 1 a 50 puntos.

2. Número de consultas, reclamacións e denuncias atendidas pola OMIC e mediacións realizadas no ano precedente ao da convocatoria en relación ao número de habitantes. Valoraranse de xeito especial as tramitadas a través da rede SETECO. De 1 a 30 puntos.

3. Situación e infraestrutura da oficina para a que se solicita a subvención, atendendo á accesibilidade e sinalización desta, así como a dotación dos medios electrónicos e telemáticos. De 1 a 10 puntos.

4. Orzamento anual do concello por habitante dedicado á atención da OMIC. De 1 a 10 puntos.

Para a concesión das axudas establecidas no punto 2 do artigo 4º, os criterios de outorgamentos estarán en relación a:

1. A calidade do proxecto atendendo ao rigor co que se diagnosticara a necesidade da acción proposta, ámbito demográfico e territorial, interese do proxecto en relación aos destinatarios e a implantación dun sistema de indicadores que permita valorar o grao de eficacia e eficiencia na realización dos obxectivos previstos nel. Puntuarase de 1 a 50 puntos.

2. A innovación no deseño do proxecto, no tratamento dos temas, e nos materiais que se prevean. Será puntuado de 1 a 30 puntos.

3. Investimento previsto no proxecto e o custo medio por beneficiario. Puntuarase de 1 a 20 puntos.

Artigo 8º.-Instrución e resolución.

1. O órgano competente para a instrución dos expedientes de axudas aos que fai referencia esta orde será o Servizo de Información, Cooperación e Fomento do Instituto Galego de Consumo.

2. Conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se a solicitude de axuda non reúne os requisitos exixidos nesta resolución e na correspondente convocatoria, o interesado será requirido para que nun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte á recepción do dito requirimento, rectifique a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que, se non o fixese, e procederase conforme o que determina o artigo 42.1º da citada lei.

3. O órgano encargado da instrución do procedemento ao que fai mención o punto 1 do presente artigo realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formalizarse a proposta de resolución.

4. Revisados os expedientes e completados, se é o caso, o órgano instrutor deberá emitir, como paso previo á valoración, un informe relativo ao cumprimento dos requisitos que para os solicitantes se establecen no artigo 3º da presente resolución.

5. Unha vez informadas as solicitudes polo órgano instrutor, procederá a valoración das solicitudes por unha comisión de avaliación, constituída expresamente e que estará formada pola xerente do Instituto Galego de Consumo, que a preside; o/a xefe/a de servizos xerais que actuará como secretario/a, xefe/a

do Servizo de Información, Cooperación e Fomento, polo xefe/a do Servizo de Protección ao Consumidor, o/a xefe/a do Servizo de Seguridade dos Produtos e os/as xefes/as de servizos provinciais de Consumo.

A citada comisión quedará validamente constituída sempre que asistan a ela a súa presidenta, ou persoa na que delegue, un vogal e a secretaria. Os acordos serán adoptados por unanimidade.

6. A presidenta do Instituto Galego de Consumo, á vista da valoración da comisión, ditará a resolución de concesión ou denegación da axuda solicitada.

7. Sen prexuízo dos recursos a que houbera lugar e co ánimo de optimizar a tramitación dos expedientes, o beneficiario da axuda deberá aceptala no prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa notificación. No caso de non ser aceptada a axuda, procederase de conformidade co establecido no artigo 42.1º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A aceptación da axuda formalizarase mediante un documento asinado polo beneficiario no que se compromete a cumprir todas as condicións establecidas nesta resolución e, na resolución de concesión desta (anexo V).

8. As resolucións de concesión ou denegación das axudas serán motivadas, de acordo cos criterios de outorgamento, notificaranse aos interesados e porán fin á vía administrativa.

As resolucións estimatorias das solicitudes de concesión de axudas expresarán, polo menos, o obxecto e importe do gasto subvencionado, a porcentaxe da axuda concedida e a contía desta.

9. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder seis meses. O prazo empezará a computar a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da presente resolución.

O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución lexitima os interesados para entenderen desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Artigo 9º.-Modificación da resolución.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución a instancia do beneficiario. Os requisitos que deberán cumprirse son os seguintes:

a) Que a actividade, conduta ou modificación estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, no supuxesen a denegación da axuda.

3. O acto polo que se acorde a modificación da resolución, ou se é o caso se denegue, será ditado polo órgano concedente, logo de instrución do correspondente expediente no que se dará audiencia aos interesados na forma prevista no artigo 9.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 10º.-Obrigas do beneficiario.

Son obrigas do beneficiario:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Someterse ás actuacións de comprobación para efectuar polo órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Comunicarlle ao IGC, mensualmente, información sobre as consultas, reclamacións e denuncias atendidas e as mediacións realizadas nas súas oficinas. Para aquelas entidades que sexan beneficiarias do programa SETECO, a dita información deberá ser subministrada a través deste programa.

e) Poner á disposición do IGC calquera información ou documentación que se lle solicite, especialmente a destinada a comprobar os datos facilitados polas entidades para a obtención de axudas.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no punto 10 do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

h) Para efectos de difusión pública os concellos beneficiarios deberán exhibir, de forma visible no lugar onde atenden aos consumidores, un cartel informativo, en modelo normalizado que se facilitará polo Instituto Galego de Consumo. O dito cartel deberá estar colocado no prazo dun mes, contado desde o día seguinte á data de recepción da remisión do dito modelo normalizado, e o concello deberá remitir unha fotografía deste cartel ao Instituto Galego de Consumo, co fin de acreditar o cumprimento da antedita obriga.

i) Para todos os proxectos subvencionados deberá remitir o programa correspondente polo menos 72 horas antes do inicio da actividade, no que figure de xeito destacado o patrocinio do IGC.

j) Na difusión das actividades en medios de comunicación públicos ou privados deberá indicarse o patrocinio do IGC, debendo enviarlle a este organismo unha copia no soporte elixido para a difusión.

k) No caso que na programación figure o patrocinio doutros organismos ademais do IGC, deberá xustificar as condicións de participación de cada un deles.

l) Utilizarase o idioma galego en todo tipo de actividades e proxectos en consonancia coa Lei de normalización lingüística e o correspondente Plan de normalización lingüístico aprobado por unanimidade no Parlamento galego.

Artigo 11º.-Xustificación e pagamento.

1. A data límite para xustificar o correspondente investimento será o 31 de outubro do ano 2006, e no caso das axudas establecidas no punto 1 do artigo 4º, a subvención recollerá os gastos orixinados desde o mes de xaneiro de 2006, ou da data de inicio da actividade para as oficinas de nova creación, sempre que esta sexa anterior á convocatoria no DOG da presente resolución. Para iso o beneficiario deberá presentar a través dalgunha das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, a seguinte documentación acreditativa:

a) Certificación do secretario/a do concello, logo do informe do interventor ou xefe de contabilidade da corporación, co visto e prace do alcalde, sobre o total dos gastos efectuados (anexo VI).

b) Certificación da conta bancaria na que conste o ordinal bancario, código do banco, código da sucursal e código da conta corrente, onde deba realizarse o pagamento, expedida pola entidade bancaria.

c) Certificación do secretario do conxunto de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas, obxecto desta convocatoria, por outras administracións públicas ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais.

d) Relación do número de consultas, reclamacións e denuncias atendidas pola OMIC no presente ano 2006 (anexo III).

e) Certificado do órgano competente que acredite o persoal dedicado á atención da OMIC, con expresión concreta sobre o vínculo contractual co concello, tipo de persoal, dedicación exclusiva ou non, duración do contrato e número de horas dedicadas diariamente á oficina. De ser o caso, titulacións, cursos, seminarios e calquera outro documento xustificativo que acredite a formación específica en materia de consumo do persoal que presta servizos na OMIC.

f) Por cada un dos proxectos realizados presentarase unha memoria final de avaliación (anexo VII).

g) Todos os materiais producidos no desenvolvemento dos proxectos deberán remitirse ao IGC xunto coa xustificación en soporte dixital en formato PDF. No caso de haber imaxes o formato será JPG.

2. Os órganos competentes do Instituto Galego de Consumo poderán solicitarlle as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes. No caso de non seren remitidos polo beneficiario dentro do prazo que se sinale, poderá entenderse que renuncia á axuda.

3. Se na xustificación dos gastos se produce unha desviación superior ao 15% e inferior ou igual ao 25% respecto ao orzamento presentado e tido en

conta para a concesión da subvención, procederáse mediante a correspondente resolución de modificación a unha minoración da contía da subvención concedida; de tal xeito que se aplicará á cantidade realmente gastada a mesma porcentaxe que se aplicou á cantidade ornamentada para o cálculo da subvención.

4. Unha desviación superior ao 25% dará lugar á perda do dereito á subvención nos termos establecidos no artigo 15º da presente resolución, excepto no caso que se xustifique que se teñen cumprido os obxectivos para os que se concedeu a axuda económica. Neste suposto, procederáse á minoración da contía da subvención na forma prevista no parágrafo anterior.

Artigo 12º.-Réxime de recursos.

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta orde esgotarán a vía administrativa e contra elas caberá interpoñer:

a) Recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou ou debeu ditalas no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, segundo sexa o caso.

b) Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo correspondente á circunscrición do órgano que ditou ou debeu ditar a resolución, se é expresa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, se é o caso, calquera outro que coiden procedente.

Artigo 13º.-Concorrenza de axudas e subvencións públicas.

O importe das axudas e subvencións reguladas nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras axudas e subvencións supere o custo da actividade subvencionable.

Artigo 14º.-Reintegro das axudas.

1. Non se poderá exixir o pagamento da axuda concedida e procederá o reintegro total ou parcial da contía percibida xunto cos xuros de demora percibidos desde o seu pagamento nos casos seguintes:

a) Incumprimento da obriga de xustificación o xustificación insuficiente nos termos do artigo 30 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que a impidan.

c) Incumprimento da finalidade ou non adopción do comportamento para a que foi concedida a axuda.

d) Incumprimento das condicións impostas ao beneficiario con motivo da concesión da axuda ou subvención.

e) Nos restantes supostos previstos no punto 10 do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

2. Así mesmo procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da axuda, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere a porcentaxe máxima do investimento subvencionado que se estableza.

3. O procedemento de reintegro tramitarase segundo o establecido no artigo 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

4. As cantidades que os beneficiarios deban reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e será de aplicación para o seu cobro o previsto nos artigos 19 ao 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999 do 7 de outubro.

Artigo 15º.-Fiscalización e control.

A concesión das axudas reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nos termos que establece o capítulo V do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, se é o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 16º.-Réxime sancionador.

As infraccións administrativas cometidas en relación coas axudas reguladas na presente orde sancionaranse de conformidade co disposto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 17º.-Publicidade.

Unha vez ultimada a concesión das axudas publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das concedidas con indicación da entidade beneficiaria, contía e finalidade da axuda.

Disposición adicional

Nos supostos non previstos na resolución atenderase ao establecido nos artigos 78 e 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira

Facúltase a presidenta do Instituto Galego de Consumo para que dite as disposicións necesarias para a aplicación do disposto na presente resolución.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2006.

Ana María Rúa Souto
Presidenta do Instituto Galego de Consumo

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

PROCEDEMENTO AXUDAS ÁS CORPORACIÓN S LOCAIS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COAS OFICINAS DE INFORMACIÓN AOS CONSUMIDORES PARA O ANO 2006	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN108A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

CONCELLO		CIF	
ENDEREZO			CÓDIGO POSTAL
POBOACIÓN	PROVINCIA	TELÉFONO	FAX

E, na súa representación:

APELIDOS	NOME
EN CALIDADE DE	

OBJECTO DA SOLICITUDE

Importe total solicitado	EUROS
--------------------------------	-------

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITO DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
-----------------	--------------------	-------------------	--------------------------

DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN

- CERTIFICACIÓN DO ACORDO DO ÓRGANO COMPETENTE POLA QUE SE ACOLLE Á AXUDA, COA EXPRESIÓN DA CANTIDADE EXACTA SOLICITADA ONDE FIGUREN OS GASTOS SUBCEPTIBLES DE FINANCIAMENTO DEBIDAMENTE DESAGREGADOS (ANEXO II).
- CERTIFICACIÓN DA POBOACIÓN DE FEITO SEGUNDO O ÚLTIMO CENSO DISPOÑIBLE.
- CERTIFICACIÓN DO SECRETARIO/A DO CONCELLO NA QUE SE FAGA CONSTAR O HORARIO NO QUE A OFICINA PERMANECE ABERTA AO PÚBLICO PARA ATENDER AOS CONSUMIDORES, A SÚA LOCALIZACIÓN E OS METROS CADRADOS DE ESPAZO FÍSICO DEDICADO A ESTA.
- RELACIÓN DO NÚMERO DE CONSULTAS, RECLAMACIÓN S E DENUNCIAS ATENDIDAS POLA OMIC NO ANO 2006 (ANEXO III).
- CERTIFICADO DO SECRETARIO DO CONCELLO DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES DE AXUDAS REALIZADAS OU CONCEDIDAS, OBJECTO DESTA CONVOCATORIA, POR OUTRAS ADMINISTRACIÓN S PÚBLICAS OU ENTES PÚBLICOS OU PRIVADOS NACIONAIS OU INTERNACIONAIS.
- CERTIFICADO ACREDITATIVO DO PERSOAL DEDICADO Á ATENCIÓN DA OMIC E, DE SER O CASO, DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA SÚA FORMACIÓN ESPECÍFICA EN CONSUMO.
- CERTIFICACIÓN DO ÓRGANO COMPETENTE NO QUE SE FAGA CONSTAR O ORZAMENTO TOTAL DO CONCELLO E A PARTE DEDICADA Á OMIC DURANTE O ANO ANTERIOR.
- DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN NINGUNHA DAS CIRCUNSTANCIAS DO ARTIGO 13 DA LEI 38/2003, XERAL DE SUBVENCIÓN S (ANEXO IV).
- CERTIFICACIÓN DO SECRETARIO/A, CO VISTO E PRACE DO ALCALDE, ACREDITANDO A EXISTENCIA DE PARTIDA ESPECÍFICA PARA REALIZAR OS PROXECTOS NOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE ACORDO AO ESTABLECIDO NO PUNTO A) DO ARTIGO 3º DA PRESENTE RESOLUCIÓN.
- MEMORIA DESCRIPTIVA DO PROXECTO QUE SE VAI REALIZAR.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 24 de abril de 2006 pola que se convoca e regula a concesión de axudas ás corporación s locais para a realización de actividades relacionadas coas oficinas de información aos consumidores para o ano 2006.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____ de _____ de 2006

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

ANEXO II

CONCELLO

Don / Dona _____, secretario do Concello citado

CERTIFICO: que o/a _____, na sesión celebrada o día _____ de _____, acordou acollerse ao sistema de axudas regulado pola Resolución do _____ da presidenta do Instituto Galego de Consumo, facultando ao alcalde para formular a correspondente solicitude, e ao mesmo tempo aprobou a previsión de gastos para actividades relacionadas coas oficinas de información aos consumidores para o ano 2006 que se relacionan a seguir:

GASTOS PARA ACTIVIDADES RELACIONADAS COAS OFICINAS DE INFORMACIÓN AOS CONSUMIDORES PARA O ANO 2006	ORZAMENTO	ACHEGA CONCELLO	SUBVENCIÓN SOLICITADA
ALUGAMENTO (SEMPRE E CANDO A OMIC ESTEA SITUADA FÓRA DAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS)			
GASTOS DE ADAPTACIÓN DA OFICINA AOS REQUISITOS DE ACCESIBILIDADE PARA DISCAPACITADOS.			
GASTOS DO PERSOAL CONTRATADO CON CUALIFICACIÓN SUFICIENTE NA MATERIA DE CONSUMO PARA PRESTAR O SERVIZO DE ATENCIÓN AO CONSUMIDOR ⁽¹⁾			
PROXECTOS DE MELLORA DO MERCADO EN RELACIÓN COS INTERESES DOS CONSUMIDORES E USUARIOS ⁽²⁾			
1º			
2º			
3º			
4º			
5º			
TOTAIS			

_____ de _____, de _____ de _____

(Sinatura do secretario/a)

Visto e Prace
O ALCALDE
(Selo da corporación)

⁽¹⁾ Estes gastos só se terán en conta no caso de que o persoal atenda en exclusividade a OMIC.
⁽²⁾ Só se financiarán dous proxectos por concello.

ANEXO III

CONSULTAS, RECLAMACIÓNS E DENUNCIAS ATENDIDAS

CONCELLO ⁽¹⁾			ANO
ENDEREZO		RESPONSABLE DA OMIC	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

	<i>CONSULTAS</i>	<i>RECLAMACIÓNS</i>	<i>DENUNCIAS</i>	<i>MEDIACIÓNS (INDICAR Nº)</i>
Nº recibido/atendido por carta ou fax				
Nº recibido/atendido por teléfono				
Nº atendido presencialmente				
<i>ANÁLISE POR MATERIAS</i>				
Alimentación				
Produtos téxtiles				
Calzado				
Aparellos domésticos (electrodomésticos)				
Vehículos automotores (Automóbil)				
Mobles				
Xogos e xoguetes				
Enerxía eléctrica				
Gas				
Auga				
Conservación e reparación de vehículos automotores (talleres reparación automóbil)				
Reparación de artigos de uso persoal e doméstico (SAT electrodomésticos)				
Hostalaría				
Telefonía fixa/móbil				
Transporte aéreo				
Axencias de viaxe				
Servizos postais e correos				
Internet e telecomunicacións				
Servizos intermediación financeira (servizos bancarios)				
Seguros				
Servizos inmobiliarios e promoción e compravenda de bens raíces propios (Venda vivenda)				
Servizos de arrendamento de bens raíces propios (Alugamento vivenda)				
Ensinanza				
Tinturarias				
Vendas a distancia				
Outros				

(1) Para o caso de que o concello conte con varias oficinas achegarase un anexo por cada unha delas.